

ORDENANZA FISCAL Número . 25
REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR ACTIVIDADES DEPORTIVAS E CULTURAIS

Artigo 1º.- FUNDAMENTO E OBXECTO

De conformidade co previsto nos artigos 41 e seguintes do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece o prezo público por actividades deportivas e culturais.

Artigo 2º.- RÉXIME DOS PREZOS PÚBLICOS

O prezo público rexeráse polas seguintes normas:

Polas normas contidas no Real decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei, reguladora das facendas locais, da que será supletorio o título III da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, conforme ao que establece a disposición adicional sétima desta.

Polos acordos adoptados pola Xunta de Goberno local e o Organismo Autónomo de Cultura, con ocasión da fixación do prezo público.

Artigo 3º.- OBRIGADOS AO PAGO

Están obrigados ao pago do presente prezo público, as persoas e entidades que soliciten a realización de actividades suxeitas.

Artigo 4º: - CUANTÍA

O importe dos prezos públicos pola realización de actividades deberá cubrir como mínimo o coste da actividade realizada.

Cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público, que así o aconsellen, a Entidade poderá fixar prezos públicos por debaixo dos límites previstos no apartado anterior. Neste caso, consignarase nos orzamentos as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante, se a houbese.

Artigo 5º: - OBRIGACIÓN DE PAGO

A obrigación de pago do prezo público nace dende que se inicie a realización da actividade. Non obstante esixirase o depósito previo, aboándose mediante autoliquidación.

No suposto de “Obradoiros ocupacionais”, deberá ingresarse a autoliquidación dentro do prazo de 8 días naturais, contados a partir do momento da publicación da lista de participantes no “Obradoiro Ocupacional” correspondente.

Cando por causas non imputables ao obrigado ao pago do prezo público, a actividade non se desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente.

As débedas por este prezo poderán esixirse polo procedemento administrativo de constrinximento.

DISPOSICIÓN FINAL:

A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 1.999, permanecendo en vixencia ata a súa modificación ou derogación expresa.

DILIXENCIA:

Faise constar que a presente Ordenanza foi aprobada provisionalmente polo Concello Pleno, en sesión celebrada o día 11 de novembro de 1.998, publicándose o seu texto íntegro no B.O.P. Nº 299 de decembro de 1.998.

Por Pleno de data 25 de setembro do 2008 modificáronse os artigos 1º e 2º, publicándose os textos no BOP Nº 285 do 12 de decembro do 2008.